

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO FRANCÉS

CURSO 2021-2022

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	4
3. a. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA A ESO.	5
3.b. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA BACHARELATO.	6
4.OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.	6
4.1.1. 1º ESO	6
4.1.1.1. CONTIDOS MÍNIMOS 1º ESO	15
4.1.2.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO	15
4.1.3.TEMPORALIZACIÓN	22
4.1.4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	22
4.2.1. 2º ESO	23
4.2.1.1 CONTIDOS MÍNIMOS 2º ESO	31
4.2.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO	32
4.2.3.TEMPORALIZACIÓN	39
4.2.4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	40
4.3.1. 3º ESO	41
4.3.1.1 CONTIDOS MÍNIMOS 3º ESO	52
4.3.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO	53
4.3.3.TEMPORALIZACIÓN	60
4.3.4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	60
4.4.1. 4º ESO	61
4.4.1.1 CONTIDOS MÍNIMOS 4º ESO	74
4.4.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO	74
4.4.3.TEMPORALIZACIÓN	79
4.4.4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	80
4.5.1. 1º BACHARELATO	81
4.5.1.1 CONTIDOS MÍNIMOS 1º BACHARELATO	91
4.5.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO	92
4.5.3.TEMPORALIZACIÓN	104
4.5.4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	104

4.6.1. 2º BACHARELATO	105
4.6.1.1. CONTIDOS MÍNIMOS 2º BACHARELATO	117
4.6.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO	118
4.6.3. TEMPORALIZACIÓN	167
4.6.4. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	167
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.	168
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.	168
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.	169
8. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	171
9. ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.	171
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	172
11. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	172
12. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.....	173
13. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.	173
14. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS.	173

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación didáctica elabórase de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e chegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén

polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural. O aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente.

A presenza de linguas estranxeiras nos centros é primordial, e son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave son as seguintes:

1. **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** A creación e interpretación de emisións orais, a lectura de textos de diversa índole, así como a composición de producións escritas planificadas sobre os temas propostos, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e cunha coidada presentación, amais da participación en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e da realización de producións orais planificadas, son todas elas actividades que contribúen a un desenvolvemento activo das competencias en comunicación lingüística.
2. **Competencia para aprender a aprender (CAA):** a interrelación dos contidos conceptuais estudados na clase coa lectura de textos de carácter literario, histórico ou documental reforza as estratexias cognitivas e permite unha adquisición pertinente e contextualizada dos citados contidos. A análise

crítica de diferentes discursos contribúe a desenvolver estratexias para a comprensión do sentido literal e o significado implícito de calquera tipo de texto.

3. **Competencia dixital (CD):** A procura de información, non só escrita, senón tamén audiovisual a través da rede, e a elaboración, tratamento e presentación da información en formato dixital permite desenvolver esta competencia.
4. **Competencia social e cívica (CSC):** Comprender a situación da propia lingua axuda a apreciar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos e como unha riqueza para a Humanidade. Tomar conciencia do protagonismo social e individual á hora de transformar a realidade, contribuíndo ao proceso de valorización do idioma e da súa normalización social, leva consigo a adquisición dunha posición activa dentro da sociedade e do devenir da mesma.
5. **Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT):** Contribuirase ao coñecemento e análise das transformacións industriais e tecnolóxicas e as súas repercusións, positivas e negativas, sobre a vida humana e do planeta en xeral. O respecto e coidado do medio, o uso responsábel dos recursos naturais, o consumo racional e crítico son elementos para a calidade de vida. Unha visión crítica co discurso antropocéntrico e o desenvolvemento das ferramentas cognitivas (lingüísticas e interpretativas) permitirán tomar decisións con autonomía e iniciativa nun mundo onde os cambios científicos e tecnolóxicos teñen unha influencia decisiva na vida individual e colectiva.
6. **Conciencia e expresións culturais (CEC).** Favorécese o coñecemento, comprensión e valoración crítica das manifestacións culturais e artísticas e a súa utilización como fonte de enriquecemento persoal e de goce, valorando a súa protección e conservación como parte do patrimonio dos pobos. O estudo da historia da lingua e da literatura contribúe ao coñecemento básico de diferentes obras e manifestacións destacadas do patrimonio cultural, ao mesmo tempo que capacita para identificar as relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade e as persoas que as crearon. Permite coñecer os diferentes estilos artísticos e literarios que se sucederon na ao longo da Historia, nomeadamente nos períodos medieval, moderno e contemporáneo.
7. **Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE).** Contribúese a que o alumnado sexa quen de deseñar, artellar, desenvolver e avaliar accións e proxectos, individuais ou colectivos, con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

3. a. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA A ESO.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- i) Comprender e expresarse na lingua francesa de maneira apropiada.

3.b. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA BACHARELATO.

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. f) Expresarse con fluidez e corrección na lingua francesa.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.OBXECTIVOS, CONTIDOS, CONTIDOS MÍNIMOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

4.1.1. 1º ESO

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c d i	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	CCL CD CAA CCEC

	<p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
	Bloque 2. Producción de textos orais			
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas,</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA</p>

		presentacións, colaborando para	preguntas	
--	--	------------------------------------	-----------	--

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido.</p>	<p>entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

<p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.</p>		<p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiás, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
--	--	---	-----------------------------

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Distinción de tipos de</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
			<p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>

	<p>comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>traballadas previamente.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	<p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p>	<p>CCL CAA CCEC</p>
			<p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
	Bloque 4. Producción de textos escritos			
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos</p>	<p>B4.1. Aplicar básicas estratexias lucir textos da persoa i, finalidade do escrito, n, do borrador, o texto e l) a partir de con axuda pre moi aula. s e</p> <p>b informaci Completar persoal. B4s moi áxicos Escribir sinxela solicitate información, indicacións relacionadas mensaxes moi moi breves con instrucións e moi B4.4. Producir básicas con actividades de inmediata xtos curtos</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

<p>de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con</p>	<p>te</p> <p>a partir s sinxelos e cunha determinada súa idade e formato, en e ordenada dnto impreso l, amosando pola n limpa</p>	<p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
		<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>		<p>de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p>				

a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes,</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iniciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
-----------------------	---	--	---	------------------------------------

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave

<p>valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a</p>	<p>habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p> <p>B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>		
--	---	--	--

	<p>intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto;</p>			
Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO				

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

4.1.1.1. CONTIDOS MÍNIMOS DE 1º ESO:

CONTIDOS LEXICAIS	CONTIDOS GRAMATICAIS
<ul style="list-style-type: none"> - O abecedario/ deletreo de palabras. - Os saúdos. - As cores (masculino/feminino) - O material escolar. - Os números de 0 a 100. - As materias escolares. - Os días da semana e os meses do ano. - As partes do corpo. - Os membros da familia. - Os símbolos de Francia. - A roupa. 	<ul style="list-style-type: none"> - Os artigos definidos e indefinidos. - Os pronomes suxeito. - Presente de indicativo dos verbos regulares en -er/ verbo “être” e verbo “avoir”. - Os adxectivos (físico e carácter) (feminino/masculino/plural). - As preposicións de lugar. - Os adxectivos posesivos. - O imperativo. - Os adxectivos demostrativos. - Pourquoi/ parce que. - Verbos irregulares “mettre” e “faire”. - Pourquoi/parce que.

4.1.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	cc	BLOQUE 1: Comprensión de textos orais			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
		1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. ex. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	CCL	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual.	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara co algunha dificultade e con necesidade de repeticións.
2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos).	CCL	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual sen necesidade de repetición.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas sen necesidade de repetición.
3. Comprende, nunha conversación informal en que participa, descricións, narracións e opinións formuladas en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o devandito.	CCL - CAA	Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos.

4. Comprende, nunha conversación formal en que participa (p. ex. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	CCL	Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos.
5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. ex. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe.	CAA	Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións.	Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións.	Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de, polo menos, un destes apoios: visual, xestos ou repeticións.	Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	BLOQUE 2: Producción de textos orais: expresión e interacción			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente.	CCL	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.

<p>2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p>	<p>CCL - CSC</p>	<p>Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.</p>	<p>Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.</p>	<p>Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.</p>	<p>Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.</p>
<p>3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, en que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	<p>CCL</p>	<p>Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.</p>	<p>Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión, pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.</p>	<p>Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.</p>	<p>Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns sonoros, rítmicos e de entoación.</p>
<p>4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. ex. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>CLC - CSC</p>	<p>Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.</p>	<p>Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.</p>	<p>Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.</p>	<p>Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.</p>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	Bloque 3: Comprensión de textos escritos			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
1. Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. ex. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. ex. nun centro de estudos).	CCL	Identifica con dificultade instrucións xerais, coa axuda da imaxe.	Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais.	Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais coa axuda da imaxe.	Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais.
2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato en que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL	Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.
3. Entende a idea xeral de correspondencia formal en que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. ex. sobre un curso de verán).	CCL	Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.

4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.	CCL	Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.	Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.	Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.	Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.
5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	CCL - CAA - CSC	Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	BLOQUE 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
	<p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos</p>	<p>concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións</p>	<p>salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p>	<p>CSC CCEC CD</p>

<p>elementos.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.</p> <p>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.</p>	<p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hotéis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
		<p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

			estruturado e articulado con	
--	--	--	------------------------------	--

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.	
Bloque 2. Produción de textos orais				
a b c f	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.</p> <p>B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación alumnado e menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando</p>	<p>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</p>	CCL CAA CSC CCEC

	<p>realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos: Modificar palabras de significado parecido. Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión. Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. Pedir axuda.</p> <p>Paralingüísticos: Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal). Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p>	<p>un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</p> <p>B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</p> <p>B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas</p>	<p>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.</p>	<p>detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</p>	
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				

a b c f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.</p> <p>B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de</p>	<p>SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.	<p>interese.</p> <p>SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).</p> <p>SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a b c f	<p>B4. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun</p>	<p>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>

	<p>dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha</p>	<p>comunicativas similares ao texto que se quere producir.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha</p>	<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>
			<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas</p>	<p>CCL CAA CSC</p>

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>versión máis modesta) ou da mensaxe (facen concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>B4.3. Elaboración de informes</p>	<p>presentación do texto limpa e ordenada.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiás ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.</p>	<p>ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

	<p>expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.</p>			
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</p>				
<p>a b c f p</p>	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima,</p>	<p>B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p>	<p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
		<p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo,</p>	<p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>CCL CAA CSC CCEC</p>
			<p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais</p>	<p>CCL CAA</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).</p> <p>Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas</p>	<p>ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente,</p>	<p>multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.</p>	<p>CSC CCEC CD</p> <p>CCL CAA CSC CCEC</p>

	<p>que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</p>	<p>relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p> <p>B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente suficiente para comunicar no seu nivel escolar.</p>		
Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave

<p>Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.</p> <p>Bens e servizos básicos.</p> <p>Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.</p> <p>Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.</p> <p>Calquera outro que se considere de interese.</p> <p>Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			
--	--	--	--

4.5.1.1. CONTIDOS MÍNIMOS DE 1º BACH

CONTIDOS LEXICAIS	CONTIDOS GRAMATICAIS
<ul style="list-style-type: none"> - A roupa e accesorios. - A comida e os alimentos, as tendas. - As recetas (recetas típicas francesas). - A meteoroloxía. - A televisión e a prensa. - O lecer. - As emocións. - As redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Verbos en -er, -ir , verbos 3º grupo(revisión). - O passé composé/imparfait. - Accord du participe passé avec AVOIR. - Participios irregulares. - O imperativo. - O futuro próximo e simple. - A negación (ne..plus/jamais/rien/personne) - Os pronomes persoais dobres. - Os relativos (qui,que,où, dont) - O condicional e a frase hipotética. - Algúns verbos irregulares. - O subxuntivo presente e algunhas expresións que exigen subxuntivo. - Os pronomes demostrativos, interrogativos, posesivos. - Adverbios de modo (-ment). - Os pronomes “en” e “y”. - A comparación.

4.5.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: INDICADORES DE LOGRO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TEMAS	COMPETENC. CLAVE
Bloque 1.Est. Apr. 1. Capta os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente artellados, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, incluso de tipo técnico (p. e. en contestadores automáticos, ou sobre como utilizar unha máquina ou dispositivo de uso menos habitual).	1.1 Comprende a comanda duns clientes nun restaurante e completa unha táboa cos pratos que pediron.	Ten dificultades para comprender os puntos principais e a información relevante dunha comanda de restaurante, polo que non é capaz de completar unha táboa a partir do seu contido sen a asistencia docente.	Comprende algúns dos puntos principais dunha comanda de restaurante, aínda que require a asistencia docente para completar unha táboa a partir do seu contido.	Comprende os puntos principais e a información relevante dunha comanda de restaurante, polo que é capaz de completar unha táboa a partir do seu contido de forma autónoma, aínda que comete erros puntuais.	Comprende unha comanda de restaurante adecuadamente, polo que é capaz de completar unha táboa a partir do seu contido de forma autónoma.	T. 03	Sociais e cívicas
Est. Apr. 2. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. e. en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros educativos), ou menos habituais (p. e. nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou un organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	1.2 Comprende un diálogo cotián no que se realiza unha transacción e responde preguntas sobre o seu contido.	Ten dificultades para comprender os puntos principais e a información relevante dun diálogo cotián, polo que non é capaz de responder as preguntas referidas ao seu contido sen a asistencia docente.	Comprende algúns dos puntos principais dun diálogo cotián, aínda que require a asistencia docente para responder a maioría das preguntas referidas ao seu contido.	Comprende os puntos principais e a información relevante dun diálogo cotidianon, polo que é capaz de responder preguntas referidas ao seu contido de forma autónoma, aínda que cometa erros puntuais.	Comprende un diálogo cotián, polo que é capaz de responder preguntas referidas ao seu contido de forma autónoma.	T. 01	Sociais e cívicas

Est. Apr. 3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, artellados de forma clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como P. e., a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	1.3 Comprende un diálogo cotián realizado nun contexto informal e escolle a imaxe que mellor se axusta ao seu contido.	Ten dificultades para comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes dun diálogo cotián realizado nun contexto informal, polo que non é capaz de escoller a imaxe que mellor se axusta ao seu contido sen a asistencia docente.	Comprende o sentido xeral e algunhas das ideas máis importantes dun diálogo cotián realizado nun contexto informal, aínda que require a asistencia docente para escoller a imaxe que mellor se axusta ao seu contido.	Comprende o sentido xeral e a maioría das ideas principais dun diálogo cotián realizado nun contexto informal, polo que é capaz de escoller a imaxe que mellor se axusta ao seu contido de forma autónoma, aínda que cometa erros puntuais.	Comprende o sentido xeral e as principais ideas dun diálogo cotián realizado nun contexto informal, polo que é capaz de escoller a imaxe que mellor se axusta ao seu contido de forma autónoma.	T. 05	Aprender a aprender
--	--	---	---	---	---	-------	---------------------

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
Est. Apr. 3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, artellados de forma clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como P. e., a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	1.4 Discrimina os distintos sons representados por unha mesma grafía e sabe reproducilos ou identificalos mediante unha táboa.	Amosa dificultades para discriminar os sons representados por unha mesma grafía, polo que require a escoita reiterada e/ou a asistencia docente para reproducilos adecuadamente ou identificalos mediante unha táboa.	En ocasións discrimina os distintos sons representados por unha mesma grafía, polo que é capaz de reproducilos e identificalos nunha táboa de forma autónoma, aínda que a maioría das veces require a escoita reiterada e/ou a asistencia docente.	Discrimina os distintos sons representados por unha mesma grafía, polo que é capaz de reproducilos e identificalos nunha táboa de forma autónoma, aínda que puntualmente require a escoita reiterada e/ou a asistencia docente.	Discrimina os distintos sons representados por unha mesma grafía, polo que é capaz de reproducilos e identificalos nunha táboa de forma autónoma.	T. 01	Aprender a aprender

Est. Apr. 5. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional.	1.5 Comprende un texto descritivo ou narrativo e escolle as frases que mellor se axustan ao seu contido.	Ten dificultades para comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes dun texto descritivo ou narrativo, polo que non é capaz de escoller a opción que mellor se axusta ao seu contido sen a asistencia docente.	Comprende o sentido xeral e algunhas das ideas máis importantes dun texto descritivo ou narrativo, aínda que require a asistencia docente para escoller a opción que mellor se axusta ao seu contido.	Comprende o sentido xeral e a maioría das ideas principais dun texto descritivo ou narrativo, polo que é capaz de escoller a opción que se axusta ao seu contido de forma autónoma, aínda que cometa erros puntuais.	Comprende o sentido xeral e as principais ideas dun texto descritivo ou narrativo, polo que é capaz de escoller a opción que mellor se axusta ao seu contido de forma autónoma.	T. 06	Conciencia e expresións culturais
Est. Apr. 6. Identifica aspectos significativos de noticias de televisión claramente artelladas, cando hai apoio visual que complemente o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e artellados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes faciliten a comprensión.	1.6 Comprende unha reportaxe periodística e responde preguntas referidas ao seu contido.	Ten dificultades para comprender os puntos principais e a información relevante dunha reportaxe periodística, polo que non é capaz de responder as preguntas referidas ao seu contido sen a asistencia docente.	Comprende algúns dos puntos principais dunha reportaxe periodística, aínda que require a asistencia docente para responder a maioría das preguntas referidas ao seu contido.	Comprende os puntos principais e a información relevante dunha reportaxe periodística realizada nun contexto informal, polo que é capaz de responder preguntas referidas ao seu contido de forma autónoma, aínda que cometa erros puntuais.	Comprende unha reportaxe periodística, polo que é capaz de responder preguntas referidas ao seu contido de forma autónoma.	T. 07	Aprender a aprender

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
Bloque 2 Est. Apr. 1. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (p. e. PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de forma coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes artelladas de forma clara e a velocidade media.	1.1 Elabora un discurso descritivo sobre algún elemento da súa redonda cotiá ou académica.	Amosa dificultades de expresión e soamente explica algunhas das características básicas do elemento obxecto de descrición, polo que require a asistencia docente para completar e artellar o seu discurso de forma coherente.	Amosa certas dificultades á hora de cohesionar e expresar os distintos elementos descritivos dun determinado elemento da súa redonda cotiá ou académica, polo que require a asistencia docente para artellar o seu discurso.	Elabora unha descrición dun elemento da súa redonda cotiá ou académica artellando de forma adecuada as súas características definitorias, aínda que require a asistencia docente para mellorar certos aspectos de expresión.	Elabora unha descrición sobre un elemento da súa redonda cotiá ou académico artellando de forma adecuada as súas características definitorias, expresándose cunha dicción, fluidez e entoación correctas.	T. 07	Aprender a aprender

Est. Apr. 1. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (p. e. PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de forma coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes artelladas de forma clara e a velocidade media.	1.2 Realiza unha descrición das características dun personaxe de ficción, estruturando o seu discurso de forma ordenada.	Amosa pouca capacidade creativa á hora de imaxinar un personaxe de ficción e ten dificultades para explicar as súas características, polo que require a asistencia docente a nivel de expresión e estruturación.	Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un personaxe de ficción pero ten dificultades para explicar adecuadamente as súas características, polo que require a asistencia docente a nivel de estruturación e, especialmente, expresión.	Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un personaxe de ficción e explica de forma estruturada as súas características, aínda que require a asistencia docente en aspectos puntuais de expresión.	Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un personaxe de ficción e explica de forma estruturada as súas características, expresándose cunha boa dicción, fluidez e entoación.	T. 02	Conciencia e expresións culturais
Est. Apr. 1. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (p. e. PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de forma coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas dos oíntes artelladas de forma clara e a velocidade media.	1.3 Realiza unha exposición oral sobre algunha temática do ámbito académico.	Amosa dificultades de expresión e soamente trata algúns aspectos do tema que debe exponer, polo que require a asistencia docente para completar e artellar o seu discurso de forma coherente.	Amosa certas dificultades á hora de cohesionar e expresar os distintos aspectos do tema que debe tratar, polo que require a asistencia docente para artellar o seu discurso.	Realiza unha exposición oral sobre unha temática do ámbito académico de forma adecuada, aínda que require a asistencia docente para mellorar certos aspectos de expresión.	Realiza unha exposición oral sobre unha temática do ámbito académico de forma artellada, expresándose cunha dicción, fluidez e entoación correctas.	T. 08	Aprender a aprender

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
Bloque 2 .Est. Apr. 2. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estancia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde, lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de forma sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.	1.4 Recrea un diálogo entre un tendeiro e un cliente a partir dunhas ilustracións e/ou un guión preestablecido.	Ten dificultades á hora de artellar un diálogo entre un tendeiro e un cliente a partir dunhas ilustracións e/ou un guión preestablecido, polo que require a asistencia docente para manter unha conversación básica.	Artella un diálogo básico entre un tendeiro e un cliente, aínda que non se cingue á situación das ilustracións e/ou o guión preestablecido, e ten certos problemas de expresión, polo que require a asistencia docente.	Artella un diálogo coherente entre un tendeiro e un cliente cinguíndose á situación das ilustracións e/ou un guión preestablecido, aínda que require a asistencia docente para mellorar certos aspectos de expresión.	Artella un diálogo coherente entre un tendeiro e un cliente, cinguíndose ás situacións das ilustracións e/ou un guión preestablecido, amosando imaxinación e creatividade e expresándose coa dicción, fluidez e entoación correctas.	T. 01	Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Est. Apr. 3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	1.5 Participa en conversas informais nas que expresa e argumenta a súa opinión sobre unha situación hipotética ou real.	Ten dificultades para artellar un discurso coherente que exprese a súa opinión sobre unha situación hipotética ou real, polo que require a asistencia docente.	Expresa de forma somera a súa opinión sobre unha situación hipotética ou real, aínda que ten certas dificultades para cohesionar o seu discurso mediante os conectores e expresións habituais.	Expresa a súa opinión sobre unha situación hipotética ou real de forma adecuada, aínda que require a asistencia docente para mellorar aspectos concretos da súa dicción ou entoación.	Expresa a súa opinión sobre unha situación hipotética ou real de forma adecuada e con boa dicción e entoación, utilizando correctamente os conectores e as expresións habituais para amosar acordo e desacordo.	T. 02	Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
Bloque 2 .Est. Apr. 4. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, formulando os seus puntos de vista de forma sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de forma coherente as súas accións, opinións e plans.	1.6 Recrea unha conversación formal entre persoas de distinta xeración a partir dunha situación hipotética, utilizando o rexistro e as expresións de cortesía apropiadas.	Amosa pouca capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, expresándose con dificultade e inadecuación do rexistro ao seu interlocutor, polo que require a asistencia docente.	Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, aínda que ten certas dificultades á hora de expresarse e de adecuar o rexistro ao seu interlocutor, polo que require a asistencia docente.	Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, expresándose con certa fluidez e adecuando o rexistro ao seu interlocutor, aínda que require a asistencia docente para mellorar certos aspectos da expresión e para utilizar fórmulas de cortesía.	Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, expresándose cunha boa dicción, fluidez e entoación e adecuando perfectamente o ton ao seu interlocutor.	T. 04	Sociais e cívicas

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
---------------------------	-------------	------------------------------	------------------------------	------------------------------	------------------------------	--------	------------------

Bloque 3 Est. Apr. 1. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (p. e. nun evento cultural, ou nunha residencia de estudantes).	1.1 Comprende os puntos dun texto instrutivo e responde preguntas asociadas ao seu contido.	Ten dificultades para comprender a maioría dos puntos dun texto instrutivo, polo que require a asistencia docente para responder preguntas sobre o seu contido.	Entende a maioría dos puntos dun texto instrutivo, aínda que ten certas dificultades para responder as preguntas referidas ao seu contido adecuadamente, polo que require a asistencia docente a nivel de expresión.	Comprende os puntos dun texto instrutivo e é capaz de responder as preguntas referidas ao seu contido, aínda que comete erros puntuais a nivel de expresión.	Comprende os puntos dun texto instrutivo e é capaz de responder as preguntas referidas ao seu contido adecuadamente.	T. 06	Sociais e cívicas
<p>Bloque 2 Est. Apr. 1. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (p. e. PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de forma coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo preguntas sinxelas dos óntes artelladas de forma clara e a velocidade media.</p>	<p>1.4 Realiza unha narración ficcional en base ao contido dun relato, amosando capacidade creativa e imaxinación.</p>	<p>Amosa pouco interese en analizar e utilizar os recursos habituais do xénero narrativo, polo que o texto elaborado carece de coherencia e de certa capacidade creativa e imaxinativa, polo que require a asistencia docente para artellalo adecuadamente.</p>	<p>Amosa un certo interese en analizar os recursos habituais do xénero narrativo, polo que os utiliza na elaboración do texto, aínda que require a asistencia docente para mellorar a súa cohesión e expresión.</p>	<p>Amosa interese en analizar os recursos habituais do xénero narrativo e sabe utilizarlos para cohesionar o texto, amosando capacidade creativa e imaxinación, aínda que require a asistencia docente para mellorar certos aspectos de expresión.</p>	<p>Amosa interese en analizar os recursos habituais do xénero narrativo e sabe utilizarlos para cohesionar o texto, amosando capacidade creativa e imaxinación e expresándose coa dicción, fluidez e entoación adecuadas.</p>	<p>T. 08</p>	<p>Conciencia e expresións culturais</p>
<p>Bloque 2 Est. Apr. 4. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, formulando os seus puntos de vista de forma sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de forma coherente as súas accións, opinións e plans.</p>	<p>4.1 Recrea unha conversación formal entre persoas de distinta xeración a partir dunha situación hipotética, utilizando o rexistro e as expresións de cortesía apropiadas.</p>	<p>Amosa poca capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, expresándose con dificultade e inadecuación do rexistro ao seu interlocutor, polo que require a asistencia docente.</p>	<p>Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, aínda que ten certas dificultades á hora de expresarse e de adecuar o rexistro ao seu interlocutor, polo que require a asistencia docente.</p>	<p>Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, expresándose con certa fluidez e adecuando o rexistro ao seu interlocutor, aínda que require a asistencia docente para mellorar certos aspectos da expresión e para utilizar fórmulas de cortesía.</p>	<p>Amosa capacidade creativa á hora de imaxinar un diálogo formal a partir dunha situación hipotética, expresándose cunha boa dicción, fluidez e entoación e adecuando perfectamente o ton ao seu interlocutor.</p>	<p>T. 08</p>	<p>Sociais e cívicas</p>
<p>Bloque 2 Est. Apr. 4. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, formulando os seus puntos de vista de forma sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de forma coherente as súas accións, opinións e plans.</p>	<p>4.2 Participa nun debate sobre algún aspecto da súa redonda cotiá ou académica expresándose con corrección e respecto cara ao resto dos interlocutores.</p>	<p>Amosa escaso interese en participar nun debate sobre algún aspecto da súa redonda cotiá ou académica, polo que se inhibe e cédelle a iniciativa ao resto dos seus interlocutores.</p>	<p>Participa en ocasións nun debate pero ten dificultades para expresarse correctamente e respectar as normas de conduta, polo que require a asistencia docente.</p>	<p>Participa nun debate respectando as normas de conduta cara aos seus interlocutores, aínda que ten algúns problemas de expresión, polo que require a asistencia docente.</p>	<p>Participa activamente nun debate expresándose de forma adecuada e respectando as normas de conduta cara aos seus interlocutores.</p>	<p>T. 08</p>	<p>Sociais e cívicas</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
Bloque 3 Est. Apr. 1. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (p. e. nun evento cultural, ou nunha residencia de estudantes).	1.2 Comprende os puntos dun texto instrutivo e identifica a frase que mellor se axusta ao seu contido.	Ten dificultades para entender os consellos contidos nun texto, polo que non é capaz de sinalar as frases que mellor se axustan ao seu contido sen a asistencia docente.	Entende o sentido xeral dun texto no que se explican consellos pero ten dificultades para identificar boa parte das frases que mellor se axustan ao seu contido, polo que require a asistencia docente.	Comprende un texto no que se explican consellos, aínda que comete algúns erros á hora de sinalar as frases que mellor se axustan ao seu contido, polo que require a asistencia docente de forma puntual.	Comprende un texto no que se explican consellos e sinala as frases que mellor se axustan ao seu contido de forma autónoma.	T. 08	Sociais e cívicas
Bloque 3 Est. Apr. 2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (p. e. sobre cursos, bolsas, ofertas de traballo).	2.1 Comprende o formato e a mensaxe dun anuncio público.	Amosa certas dificultades para entender o formato e as características dun anuncio público, polo que non é capaz de comprender a súa mensaxe sen a asistencia docente.	Entende o formato dun anuncio público a nivel xeral, aínda que ten dificultades para comprender plenamente a súa mensaxe, así como outros elementos secundarios (destinatario, función, etc.).	Entende o formato, a mensaxe e as características dun anuncio público, aínda que ten certas dificultades á hora de expresalo.	Entende o formato, a mensaxe e as características dun anuncio público e exprésao adecuadamente.	T. 08	Aprender a aprender
Bloque 3 Est. Apr. 2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (p. e. sobre cursos, bolsas, ofertas de traballo).	2.3 Identifica as ideas principais e secundarias de textos divulgativos sobre algún aspecto da cultura francesa.	Amosa dificultades para comprender o sentido xeral do texto, polo que non é capaz de resolver as actividades referidas ao seu contido sen a asistencia docente.	Entende o sentido xeral do texto pero ten dificultades para resolver cuestións relacionadas con aspectos secundarios do texto, polo que require a asistencia docente.	Comprende as ideas principais e secundarias do texto aínda que amosa dificultades para resolver cuestións relacionadas con aspectos moi concretos do texto, polo que require a asistencia docente de forma puntual.	Comprende as ideas principais e secundarias do texto, polo que é capaz de resolver as cuestións relacionadas co seu contido de forma autónoma.	T. 08	Conciencia e expresións culturais

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
--	-------------	---------------------------------	---------------------------------	---------------------------------	---------------------------------	-----------	---------------------

Bloque 3 Est. Apr. 3. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros online ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	3.1 Comprende o contido de exposicións sobre aspectos da vida cotiá.	Amosa dificultades para entender os aspectos clave do contido dun texto expositivo, polo que non é capaz de responder preguntas ou actividades sen a asistencia docente.	Entende o sentido xeral do contido dun texto expositivo, aínda que ten dificultades para resolver preguntas relacionadas con aspectos secundarios.	Entende as ideas principais e secundarias do contido dun texto expositivo, aínda que comete algún erro puntual de comprensión.	Entende as ideas principais e secundarias do contido dun texto expositivo, polo que é capaz de resolver as preguntas ou actividades relacionadas sen a asistencia docente.	T. 08	Aprender a aprender
Bloque 3 Est. Apr. 3. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros online ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	3.4 Comprende as características compositivas e o contido de textos narrativos.	Amosa dificultades para captar os recursos característicos dos textos narrativos e entender os aspectos clave do contido, polo que non é capaz de responder preguntas ou actividades sen a asistencia docente.	Recoñece os recursos característicos dos textos narrativos e entende o sentido xeral do contido, aínda que ten dificultades para resolver preguntas relacionadas con aspectos secundarios.	Recoñece os recursos característicos dos textos narrativos e entende as ideas principais e secundarias do contido, aínda que comete algún erro puntual de comprensión.	Recoñece os recursos característicos dos textos narrativos e entende as ideas principais e secundarias do contido, polo que é capaz de resolver as preguntas ou actividades relacionadas sen a asistencia docente.	T. 08	Conciencia e expresións culturais
Bloque Est. Apr. 4. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (p. e. se se lle solicitan documentos para unha estancia de estudos no estranxeiro).	4.2 Recoñece e aprende léxico escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais.	Coñece un escaso número de palabras ou expresións relacionadas con distintos ámbitos da vida cotiá, polo que debe recorrer sistematicamente ao dicionario.	Coñece un número limitado de palabras e expresións relacionadas con distintos ámbitos da vida cotiá, polo que debe recorrer ao dicionario de forma frecuente.	Coñece un número importante de palabras e expresións relacionadas con distintos ámbitos da vida cotiá, polo que debe recorrer ao dicionario de forma puntual.	Ten un bo dominio das palabras e as expresións relacionadas con distintos ámbitos da vida cotiá, polo que é capaz de deducir o significado de certos vocábulos que descoñece sen necesidade de recorrer ao dicionario.	T. 08	Aprender a aprender

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
--	-------------	------------------------------	------------------------------	------------------------------	------------------------------	--------	------------------

Bloque 4 Est. Apr. 3. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual (p. e. un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de forma sinxela os motivos de certas accións.	3.1 Escribe un texto descritivo sobre algún aspecto da vida cotiá con corrección ortográfica, estruturándoo adecuadamente e utilizando un léxico rico e específico.	Ten dificultades á hora de planificar e estruturar o texto de forma adecuada, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer ao dicionario para escribilo de forma organizada e con corrección ortográfica.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente, pero ten dificultades para expresar con corrección ortográfica e gramatical sus ideas, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer a un dicionario.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente e escribe con corrección ortográfica e gramatical, aínda que utiliza un léxico bastante limitado.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente e escribe con corrección ortográfica e gramatical, utilizando un léxico variado e específico.	T. 08	Aprender a aprender
Bloque 4 Est. Apr. 3. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual (p. e. un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de forma sinxela os motivos de certas accións.	3.2 Escribe un texto informativo estruturándoo adecuadamente, con corrección ortográfica e utilizando un léxico variado.	Ten dificultades á hora de planificar e estruturar o texto de forma adecuada, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer ao dicionario para escribilo de forma organizada e con corrección ortográfica.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente, pero ten dificultades para expresar con corrección ortográfica e gramatical as súas ideas, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer a un dicionario.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente e o escribe con corrección ortográfica e gramatical, aínda que utiliza un léxico bastante limitado.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente e o escribe con corrección ortográfica e gramatical, utilizando un léxico variado e específico.	T. 08	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
Bloque 4 Est. Apr. 4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de forma lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (p. e. sobre unha viaxe, un acontecemento importante, un libro, unha película), ou feitos imaxinarios; e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.	4.1 Escribe un texto narrativo estruturándoo adecuadamente, con corrección ortográfica e léxica e amosando creatividade e imaxinación.	Ten dificultades á hora de planificar e estruturar o texto de forma adecuada, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer ao dicionario para escribilo de forma organizada e con corrección ortográfica.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente, pero ten dificultades para expresar con corrección ortográfica e gramatical as súas ideas, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer a un dicionario.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente e escribe con corrección ortográfica e gramatical, utilizando un léxico bastante rico e específico.	Planifica e estrutura o texto adecuadamente e escribe con corrección ortográfica e gramatical, utilizando un léxico variado e específico e amosando creatividade e imaxinación.	T. 08	Conciencia e expresións culturais

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
--	-------------	------------------------------	------------------------------	------------------------------	------------------------------	--------	------------------

<p>Bloque 4 Est. Apr. 4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de forma lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (p. e. sobre unha viaxe, un acontecemento importante, un libro, unha película), ou feitos imaxinarios; e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</p>	<p>4.2 Escribe ou completa postais e cartas respectando as características compositivas destes xéneros, con corrección ortográfica e adecuando o rexistro ao destinatario.</p>	<p>Amosa pouco interese en respectar as características formais dunha postal ou unha carta e ten dificultades para escribir o texto con corrección ortográfica e gramatical, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer a un dicionario.</p>	<p>Coñece e respeta as características formais dunha postal ou unha carta pero ten certas dificultades para escribir o texto de forma cohesionada, cometendo algunos erros ortográficos e gramaticais, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer ao dicionario.</p>	<p>Coñece e respeta as características formais dunha postal ou unha carta e escribe o texto de forma cohesionada e con corrección ortográfica, aínda que require a asistencia docente puntualmente para adecuar o rexistro ao seu destinatario.</p>	<p>Coñece e respeta as características formais dunha postal e unha carta e escribe o texto de forma cohesionada e con corrección ortográfica, adecuando o rexistro ao seu destinatario correctamente.</p>	<p>T. 08</p>	<p>Aprender a aprender</p>
	<p>4.4 Escribe un texto argumentativo expondo as súas razóns de forma coherente e estruturada e con corrección ortográfica e gramatical.</p>	<p>Amosa escaso interese en planificar e estruturar previamente os seus argumentos, polo que o texto resulta incoherente e inconexo, requirindo a asistencia docente para organizalo e mellorar a súa expresión ortográfica e gramatical.</p>	<p>Planifica e estrutura a grandes trazos os seus argumentos, polo que o texto ten certa coherencia, aínda que os seus razoamentos son pouco rigorosos e require a asistencia docente para mellorar a súa expresión ortográfica e gramatical.</p>	<p>Planifica e estrutura de forma adecuada os seus argumentos, polo que o texto ten coherencia e rigorosidade, aínda que comete algúns erros a nivel ortográfico e gramatical que requiren a asistencia docente.</p>	<p>Planifica e estrutura de forma adecuada os seus argumentos, polo que o texto ten coherencia e rigorosidade, expresándose correctamente a nivel ortográfico e gramatical.</p>	<p>T. 08</p>	<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</p>
<p>Bloque 4 Est. Apr. 5. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, observando as convencións formais e normas de cortesía usuais neste tipo de textos.</p>	<p>5.1 Escribe unha carta formal estruturando o texto adecuadamente, con corrección ortográfica e utilizando o rexistro apropiado.</p>	<p>Amosa pouco interese en respectar as características formais dunha carta e ten dificultades para escribir o texto con corrección ortográfica e adecuación ao rexistro, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer a un dicionario.</p>	<p>Coñece e respeta as características formais dunha carta pero ten certas dificultades para escribir o texto de forma cohesionada, cometendo algúns erros ortográficos, polo que require a asistencia docente e/ou recorrer ao dicionario.</p>	<p>Coñece e respeta as características formais dunha carta e escribe o texto de forma cohesionada e con corrección ortográfica, aínda que require a asistencia docente puntualmente para adecuar o rexistro ao seu destinatario.</p>	<p>Coñece e respeta as características formais dunha carta e escribe o texto de forma cohesionada e con corrección ortográfica, adecuando o rexistro ao seu destinatario correctamente.</p>	<p>T. 08</p>	<p>Sociais e cívicas</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	DESCRITORES	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 1	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 2	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 3	INDICADOR DE LOGRO – NIVEL 4	TE MAS	COMPETENC. CLAVE
	5.2 Elabora un borrador para ordenar as ideas e estruturar o texto.	Amosa pouco interese en elaborar un borrador para ordenar as ideas, polo que o texto resulta pouco estruturado e custa seguir o fío argumental ou narrativo.	Elabora un mínimo borrador para ordenar únicamente as ideas principais, polo que o texto resulta pouco estruturado e aparecen elementos non previstos que dificultan seguir o fío argumental ou narrativo.	Elabora un borrador para ordenar as ideas principais e secundarias, polo que o texto resulta estruturado e pode seguirse o fío argumental ou narrativo de forma adecuada.	Realiza unha lluvia de ideas sobre o posible contido do texto e, en base a ellas, selecciona algunhas e elabora un borrador, polo que o relato resulta claramente estruturado e pode seguirse o fío argumental ou narrativo de forma adecuada.	T. 08	Aprender a aprender
Bloque 4 Est. Apr. 5. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, observando as convencións formais e normas de cortesía usuais neste tipo de textos.	5.3 Escribe nun fórum utilizando elementos de coherencia e cohesión textual de forma correcta.	Utiliza poucos elementos de cohesión textual, polo que a noticia resulta inconexa, con frases simples e illadas, requirindo a asistencia docente para enriquecer e darlle coherencia ao texto.	Utiliza algúns elementos de cohesión textual pero ten dificultades para interpretar a súa función, polo que require a asistencia docente para usalos adecuadamente e mellorar a coherencia da noticia.	Utiliza os elementos de cohesión textual de forma adecuada, polo que a noticia amosa coherencia, aínda que require a asistencia docente para usar conectores máis específicos.	Utiliza os conectores de forma adecuada en función da intención comunicativa, polo que a noticia amosa unha boa coherencia e cohesión textual entre os seus diversos elementos.	T. 08	Aprender a aprender
Bloque 4 Est. Apr. 5. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, observando as convencións formais e normas de cortesía usuais neste tipo de textos.	5.4 Escribe un texto explicativo utilizando elementos de coherencia e cohesión textual de forma correcta.	Utiliza poucos elementos de cohesión textual, polo que a explicación resulta inconexa, con frases simples e illadas, requirindo a asistencia docente para enriquecer e darlle coherencia ao texto.	Utiliza algúns elementos de cohesión textual pero ten dificultades para interpretar a súa función, polo que require a asistencia docente para usalos adecuadamente e mellorar a coherencia do texto.	Utiliza os elementos de cohesión textual de forma adecuada, polo que a explicación amosa coherencia, aínda que require a asistencia docente para usar conectores máis específicos.	Utiliza os conectores de forma adecuada en función da intención comunicativa, polo que a explicación amosa unha boa coherencia e cohesión textual entre os seus diversos elementos.	T. 08	Aprender a aprender

4.6.3.TEMPORALIZACIÓN

A partir de material elaborado pola profesora.

1º TRIMESTRE

SETEMBRO: UNIDADE de avaliación inicial e repaso. Comezo da unidade 1.

OUTUBRO: UNIDADE 1
NOVEMBRO E DECEMBRO: UNIDADE 2

A finais de outubro realizarase unha 1ª proba e en novembro realizarase unha segunda proba de gramática e léxico máis as probas correspondentes ás demais destrezas.

2º TRIMESTRE

XANEIRO: UNIDADE 3

FEBREIRO: UNIDADE 3-4

MARZO: UNIDADE 4.

No mes de febreiro realizarase unha 1ª proba e en marzo realizarase unha segunda proba de gramática e léxico máis as probas correspondentes ás demais destrezas.

3º TRIMESTRE

ABRIL: UNIDADE 5.

MAIO: REPASO E EXAMES FINAIS.

4.6.4.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación: O profesor avaliará mediante a observación directa durante a sesión de clase o grado de participación, implicación e interese de cada alumno de cara a materia.

Probas escritas: 2 probas escritas por trimestre que avaliarán a progresión na adquisición de contidos teóricos (gramática e vocabulario), así como unha de comprensión oral e unha proba de comprensión escrita que servirán para detectar o grado de adquisición destas destrezas na lingua.

Traballos trimestrais escritos: Os traballos escritos permitirán avaliar a expresión escrita na lingua e a adquisición de vocabulario en contexto.

Presentacións orais: As presentacións orais (1 ou 2 cada trimestre) servirán para avaliar o grado de adquisición a nivel oral da lingua, a capacidade de improvisación do alumno, a pronunciación e a fluidez

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán o alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda que son diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliábeis para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

1º ESO:

Entramos este ano no programa E-dixgal, polo que se empregará o material dispoñible. Os alumnos traballarán a través do ordenador pero tamén co caderno de francés e tódolos documentos escritos e sonoros que ofrece o programa.

De forma excepcional, o profesor poderá traer á aula documentos audiovisuais reais, e os alumnos acudirán a outros espazos fóra da aula (Biblioteca, Aula de Informática) en busca de información noutros soportes (CD, informática, libros,...).

2º ESO:

O libro que se utilizará é Parachute 2, da Editorial Santillana e o caderno de exercicios. Na clase traballarase tanto co libro do alumno como co caderno de exercicios, ademáis do LIBRO DIXITAL que inclúe os documentos sonoros correspondentes.

De forma excepcional, o profesor poderá traer á aula documentos audiovisuais reais, e os alumnos acudirán a outros espazos fóra da aula (Biblioteca, Aula de Informática) en busca de información noutros soportes (CD, informática, libros,...).

3º ESO:

O libro que se utilizará é Parachute 3, da Editorial Santillana e o caderno de exercicios. Na clase traballarase tanto co libro do alumno como co caderno de exercicios, ademáis do LIBRO DIXITAL que inclúe os documentos sonoros correspondentes.

De forma excepcional, o profesor poderá traer á aula documentos audiovisuais reais, e os alumnos acudirán a outros espazos fóra da aula (Biblioteca, Aula de Informática) en busca de información noutros soportes (CD, informática, libros,...).

4º ESO:

O libro que se utilizará é Parachute 4, da Editorial Santillana e o caderno de exercicios. Na clase traballarase tanto co libro do alumno como co caderno de exercicios, ademáis do LIBRO DIXITAL que inclúe os documentos sonoros correspondentes.

De forma excepcional, o profesor poderá traer á aula documentos audiovisuais reais, e os alumnos acudirán a outros espazos fóra da aula (Biblioteca, Aula de Informática) en busca de información noutros soportes (CD, informática, libros,...).

1º BACH:

Traballarase con material elaborado pola profesora que será facilitado en fotocopias aos alumnos a través do servizo de fotocopias da Conserxería do centro, así coma con recursos audivisuais reais (extractos de cancións e películas francófonas, páxinas pedagóxicas da Web (tv5monde, rfi, flevideo...) Empregarase tamén a plataforma gratuíta de ensino en liña Edmodo , a través da cal o profesor poderá empregar material propio e enlaces web para que os alumnos teñan acceso en calquera momento.

Tamén se facilitará material relacionado coas probas DELF B1, que se traballará todo ó longo do curso para tódolos alumnos deste nivel que desexen presentarse a ditas probas.

2º BACH:

Traballarase con material elaborado pola profesora que será facilitado en fotocopias aos alumnos a través do servizo de fotocopias da Conserxería do centro, así coma con recursos audivisuais reais (extractos de cancións e películas francófonas, páxinas pedagóxicas da Web (tv5monde, rfi, flevideo...) Empregarase tamén a plataforma gratuíta de ensino en liña Edmodo , a través da cal o profesor poderá empregar material propio e enlaces web para que os alumnos teñan acceso en calquera momento.

Tamén se facilitará material relacionado coas probas DELF B1 e B2, que se traballará todo ó longo do curso para tódolos alumnos deste nivel que desexen presentarse a ditas probas.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

1º, 2º,3º E 4º ESO 2FLE: valoraranse en cada trimestre as catro competencias (CO: comprensión oral, CE: comprensión escrita, EO: expresión oral e EE: expresión escrita, gramática e vocabulario) xunto coas observacións do profesor . Os contidos son acumulativos, é dicir, un novo trimestre engloba os contidos do anterior e así sucesivamente. Cada unha das destrezas serán valoradas coa porcentaxe seguinte:

- Comprensión oral: 10%
- Comprensión escrita: 10%
- Expresión oral: 15%

- Expresión escrita (gramática + vocabulario): 60% esta parte estará distribuída en 2 probas por trimestre, das que a 1ª proba terá un valor do 20% e a 2ª proba un 40%)
- Actitudes: 5% (o traballo diario na clase e na casa, a entrega puntual de traballos o mesmo que a realización de tarefas e o aporte diario do material ás clases).

Os contidos son acumulativos. Realizaranse diferentes probas en cada trimestre. A nota final do curso (convocatoria ordinaria de final de curso) será o resultado da media ponderada coas notas parciais dos tres trimestres, do seguinte xeito: **1º trimestre: 20%; 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%**, fixando o aprobado en 5, aínda que precisamos que é imprescindible aprobar o 3º trimestre para facer a media. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente terán a posibilidade de levar a cabo unha proba de recuperación final de curso, baseada nos contidos mínimos recollidos nesta programación. A nota da recuperación será dun máximo de 5. Esta proba será similar á extraordinaria de xuño. Gardaranse as destrezas aprobadas en xuño para a convocatoria extraordinaria.

1º BACHARELATO 2FLE:

- CO, comprensión oral: 10%
- CE, comprensión escrita: 10%
- EO, expresión oral: 15%
- EE, expresión escrita: 60% (esta parte estará distribuída en 2 probas por trimestre, das que a 1ª proba terá un valor do 20% e a 2ª proba un 40%)
- O 5% restante corresponderá ás tarefas entregadas dentro de prazos e deberes feitos.

Os contidos son acumulativos. Realizaranse diferentes probas en cada trimestre. A nota final do curso (convocatoria ordinaria de final de curso) será o resultado da media ponderada coas notas parciais dos tres trimestres, do seguinte xeito: **1º trimestre: 20%; 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%**, fixando o aprobado en 5, aínda que precisamos que é imprescindible aprobar o 3º trimestre para facer a media. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente terán a posibilidade de levar a cabo unha proba de recuperación final de curso, baseada nos contidos mínimos recollidos nesta programación. A nota da recuperación será dun máximo de 5. Esta proba será similar á extraordinaria de xuño. Gardaranse as destrezas aprobadas en xuño para a convocatoria extraordinaria.

2º BACHARELATO 2FLE:

- CO, comprensión oral: 10%
- CE, comprensión escrita: 10%
- EO, expresión oral: 10%
- GRAMÁTICA/LÉXICO: 40% (esta parte estará distribuída en 2 probas por trimestre, das que a 1ª proba terá un valor do 15% e a 2ª proba un 25%)
- EE, expresión escrita: 20%
- O 10% restante corresponderá ás tarefas entregadas dentro de prazos e deberes feitos, participación activa en lingua francesa, actitude positiva cara a materia.

Os contidos son acumulativos. Realizaranse diferentes probas en cada trimestre. A nota final do curso (convocatoria ordinaria de final de curso) será o resultado da media ponderada coas notas parciais dos tres

trimestres, do seguinte xeito: **1º trimestre: 20%; 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%**, fixando o aprobado en 5, aínda que precisamos que é imprescindible aprobar o 3º trimestre para facer a media. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente terán a posibilidade de levar a cabo unha proba de recuperación final de curso, baseada nos contidos mínimos recollidos nesta programación. A nota da recuperación será dun máximo de 5. Esta proba será similar á extraordinaria de xuño. Gardaranse as destrezas aprobadas en xuño para a convocatoria extraordinaria.

8. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos que teñen pendente o francés e estean matriculados na mesma materia no curso seguinte, ao coincidir bastantes dos obxectivos e dos contidos da materia do nivel precedente, **teñen a oportunidade de aprobar a materia pendente aprobando a do presente curso académico**. Sen embargo, por se non se dera o caso, deberán entregar unhas fichas resoltas facilitadas a principios de mes polo xefe de departamento (6 en total, unha por cada unidade), nas que se indicará a data límite de entrega; no caso de non se cumpriren os prazos ou as fichas estiveran mal elaboradas ou con exercicios en branco, os alumnos terán a posibilidade de aprobar a pendente presentándose aos exames extraordinarios de maio e setembro.

De todas formas, o profesor da materia deste curso terá en conta esta situación e reforzará na aula os contidos do ano anterior; igualmente, repartirase a eses alumnos material adicional que irán traballando na casa e entregarán ao Xefe do departamento para a súa corrección.

Para o alumnado que non curse a materia de francés neste ano académico existe a opción de recuperar a materia do mesmo xeito que os alumnos anteriormente ditados, é dicir, entregando correctamente feitas e nos prazos indicados fichas de traballo (unha por unidade do curso no que foron avaliados negativamente), no caso de que non o fixeran ou os traballos estiveran mal elaborados, os alumnos deberán presentarse á proba extraordinaria de maio ou se se dera o caso á de setembro.

9. ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROXECTO LECTOR DO CENTRO:

O Departamento de Francés participa no proxecto lector do centro, no que se propoñen unha serie de actuacións orientadas a mellorar os hábitos lectores do alumnado de ESO e de 1º e 2º de BACH.

- Os alumnos de **1º de ESO**: inicianse na lectura en lingua estranxeira con pequenos textos coma poemas ou cancións e que se realizarán ó longo do curso. Os alumnos de cada grupo realizarán un mural sobre os símbolos de Francia que será exposto no corredor.

Este ano adicaremos un tempo de lectura en clase durante o 2º e o 3º trimestre para fomentar a lectura. Para isto empregaremos a lectura adaptada dispoñible na biblioteca do centro: “Jojo”, Santillana Français, Niveau Intro.

- Os alumnos de **2º de ESO** tamén traballarán con cancións e textos adaptados ao seu nivel.

Este ano adicaremos un tempo de lectura en clase durante o 2º e o 3º trimestre para fomentar a lectura. Para isto empregaremos a lectura adaptada dispoñible na biblioteca do centro: “Folie d’Ours”, Santillana Français, Niveau 1.

- Os alumnos de **3º de ESO** presentarán en cartolinas ou mediante diapositivas unha comparación entre a forma de vida (vestimenta, alimentación, aspecto físico, escola, lecer...) de agora e de cando eles eran pequenos, ou ben, entre a súa vida actual e a de seus avós. Con esta actividade reforzase o estudo e práctica dos tempos do pasado, sobre todo, do imperfecto.
 - Os alumnos de **4º de ESO**: visualizarán a película “Intouchable”, sobre o que trataremos o tema da discapacitación e da reinserción na sociedade de persoas con problemas de mobilidade.
 - En **1º de Bach** visualizarase a película *No et moi* co fin de traballar sobre o tema dos “sin teito”. Entregaránselle fichas para traballar este tema ou buscarán información eles mesmos.
 - En **2º de Bach** traballarán con textos adaptados ao seu nivel sobre temas do seu interese farán lecturas voluntarias a partir de libros dispoñibles na biblioteca do centro.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.

Intentaremos recuperar o intercambio escolar entre o Lycée Rascol de Albi e o IES Terra de Soneira que se vén desenvolvendo os últimos anos e que foi cancelado no 2020 debido á situación sanitaria da COVID-19 . Esta actividade está prevista para os alumnos de 4º ESO e 1º BACHARELATO. Este curso prevemos facer o intercambio nas dúas direccións. Unha semana visitaremos nós aos alumnos franceses en Albi e outra semana serán os alumnos do centro Rascol os que nos visitarán en Vimianzo. Alí os alumnos acudirán a algunhas das clases acompañando aos seus “correspondants”, visitaremos a cidade de Albi e participaremos nas actividades propostas pola profesora de español Sylvia Itrisso. Do mesmo xeito, durante a súa estancia en Vimianzo, os alumnos franceses participarán da vida cotiá dos alumnos vimianceses e visitaremos xuntos cidades como Santiago, A Coruña e o entorno de Vimianzo.

11. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Como é preceptivo, nas reunións semanais do departamento, os seus membros irán analizando o devir da programación e proporán modificacións que quedarán recollidas na acta do Departamento. Así mesmo, a xefa do departamento elaborará a final do curso unha memoria na que se recollerán os aspectos que fosen variando o ritmo da programación, así como as modificacións realizadas, de cara a avaliar a calidade da mesma para vindeiros anos.

12. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC.

O centro conta cun Plan de integración das TIC na actividade docente, así como o pertinente coordinador. Ademais, a maioría das aulas contan con taboleiro dixital e canóns proxectores.

Á marxe destas instalacións xerais, os departamentos de Inglés e Francés contan cunha aula de idiomas preparada para o desenrolo das accións relacionadas coas TIC: canón proxector, ordenador de mesa, equipo de megafonía...

Os membros do departamento de Francés teñen feito cursos de formación relacionados coas novas tecnoloxías e as utilizan nas súas clases, combinadas coas técnicas de aprendizaxe tradicionais.

Do mesmo modo, ditas accións xa se veñen utilizando na realización das accións previstas polo departamento no proxecto lector do centro.

Accións previstas: consulta de información en Internet, realización de traballos en ordenador, visualización de documentos audiovisuais, realización de actividades de escoita/repetición destinadas á mellora da percepción fonética, realización de actividades de ortografía on line...

13. ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS.

Agás en 1º ESO, onde cursan por vez primeira a materia de 2ª Lingua Estranxeira Francés, os alumnos realizarán nos primeiros días do novo ano académico probas que corresponden ás habilidades de comprensión e expresión oral e escrita que lles permitirá (a eles e ao profesor) constatar a fixación dos contidos do curso anterior, para así incorporar máis facilmente os novos contidos.

14. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO.

Cada profesor comunicará aos alumnos –a principios de curso- o procedemento e criterios de avaliación.

No taboleiro da aula quedarán expostos ao longo do curso os mínimos da materia (contidos e instrumentos de avaliación).

Do mesmo modo, os alumnos coa materia pendente son informados dos contidos mínimos da materia pola que se van avaliar para poder preparar o exame do mes de maio, se fose o caso de ter que presentarse.

Queda na Dirección, a disposición de toda a comunidade educativa, unha copia desta programación.

Así mesmo, na web de centro pódense consultar os criterios de promoción para cada nivel educativo:

<http://centros.edu.xunta.es/iesterradesoneira/>

Os membros do departamento de Francés

Asdo.: Rocío Romero Ces